

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA A TRAVÉS AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONSORCIO AS MARIÑAS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E INFORMACIÓN DO TURISMO NO XEODESTINO AS MARIÑAS**

Santiago de Compostela,

**REUNIDOS**

Por unha banda, D<sup>a</sup> María Nava Castro Domínguez, en representación da Axencia Turismo de Galicia, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de directora, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (DOG núm. 226, do 25.11.2016), e actuando en virtude das facultades conferidas polos artigos 5 e 19 dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.

Doutra, o Consorcio As Mariñas, e no seu nome e representación D. José Antonio Santiso Miramontes na súa calidade de Presidente, ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto se lle confiren nos seus Estatutos publicados por resolución do día 18 de xullo de 2000 (DOG nº 146 de 28 de xullo de 2000), na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

**EXPOÑEN**

**Primeiro.-** Que de conformidade co previsto no artigo 149 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, os concellos galegos poderán constituír consorcios locais entre si ou con outras administracións públicas para fins de interese común, ou con entidades privadas sen ánimo de lucro que persigan fins de interese público concorrentes cos das administracións públicas. Os consorcios locais son Entidades Locais dotados de personalidade xurídica propia e de capacidade para o cumprimento dos seus fins específicos que veñen determinados nos seus respectivos estatutos.



Que no artigo 5º letra c) dos Estatutos do Consorcio, referente o obxecto e fins do Consorcio, establece como obxectivo deste asumir a execución de obras, plans, programas ou proxectos, que as entidades consorciadas ou outras administracións públicas acorden encomendarlle, para a xestión de servizos e actividades de interese público e común, así como a súa creación, instalación e prestación parcial ou integral.

Que ao abeiro do establecido no artigo 12.1.c) dos Estatutos do Consorcio As Mariñas son competencias do Presidente a representación legal e a sinatura de cantos documentos públicos e privados sexan necesarios ou útiles para o cumprimento dos seus fins.

Que os Concellos, segundo se sinala no artigo 25.2. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do turismo de Galicia, teñen competencias en materia de turismo.

**Segundo.-** Que o artigo 148.1.18 da Constitución establece como competencias da Administración Xeral do Estado que poderán asumir as Comunidades Autónomas, a relativa á promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da Comunidade (artigo 27.21).

Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponden o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades promoción do turismo.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia. No exercicio das súas funcións, correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Co obxecto de promover o turismo no xodestino de As Mariñas, as partes consideran esencial colaborar na execución deste convenio xa que se trata dunha acción de interese común, cofinanciada



por ambas partes e con beneficios conxuntos. Todo isto englobase ademais, no eido competencial da Axencia Turismo de Galicia, no seu programa 761A.

**Terceiro.-** Que as actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento da riqueza e do turismo en As Mariñas, contribúen á potenciación do xeodestino que configura o ámbito desta comarca e á súa consolidación como destino turístico emerxente, xerador de emprego e redistribuidor de riqueza. Ao mesmo tempo, dáse continuidade á colaboración establecida entre Axencia Turismo de Galicia e este Consorcio a través do Plan de Dinamización do Produto Turístico da Área Metropolitana de A Coruña que foi xestionado a través do Consorcio As Mariñas.

O territorio do Consorcio As Mariñas conta cuns valores endóxeos de alto valor natural e cultural que a converten nun destino único: a súa diversidade natural, o seu legado patrimonial histórico – artístico ligado ao modernismo, e a súa enogastronomía constitúen vantaxes competitivas.

Ao mesmo tempo, procúrase a través deste convenio a sensibilización tanto aos visitantes como aos propios veciños da zona sobre a importancia de preservar e poñer en valor un patrimonio natural, artístico e cultural que, ademais de ter unha clara proxección turística, é un importante factor de dinamización económica do xeodestino. As devanditas actuacións divulgarán a potencialidade da Comunidade Autónoma como receptora dun turismo de calidade que incida no seu maior desenvolvemento e coñecemento no exterior.

**Cuarto.-** Que concorren aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención, posto que se trata dunha zona que dende o punto de vista turístico é un referente en Galicia e fóra dela, con concellos que presentan unha alta proxección turística baseada no patrimonio histórico, a paisaxe e a enogastronomía. Estas actuacións enmárcanse nunha estratexia de perseverar nos territorios que xa tiveron plans de dinamización ou excelencia turística tratando de continuar coa colaboración interadministrativa e facer destinos turísticos singulares e diferenciadores que especialicen a súa oferta turística para enriquecer o conxunto de Galicia.

Así mesmo, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser o Consorcio Turismo Ribeira Sacra a única entidade que pode realizar as actuacións obxecto do presente convenio.

En consideración a todo isto, é vontade das partes asinantes a colaboración na xestión das actividades relacionadas, de acordo ás seguintes



## CLÁUSULAS

### **Primeira.- Obxecto do Convenio.**

É obxecto do presente convenio establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Consorcio As Mariñas para a subvención de actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento do turismo que inclúa a realización das seguintes actividades:

1.- Deseño, creación e posta en marcha de “paquetes e experiencias de ecoturismo” en colaboración con operadores turísticos e produtores do territorio.

1.1. Integración no produto a diversidade do territorio das Mariñas e da súa oferta. (No que teñen cabida: visitas teatralizadas, fomento entre o sector da restauración a utilización dos produtos locais de calidade do Xeodestino, fomento da implementación dos “Menús da Biosfera” nas cartas dos restaurantes implicados).

1.2. Comercialización dos paquetes turísticos a través de operadores especializados.

2.- Promoción e comercialización do Destino e das Experiencias Turísticas

2.1. Creación da Web, aplicación para móbiles para promoción do destino e venda das experiencias turísticas

2.2. Realización de curtometraxes promocionais de as As Mariñas como “destino verde”.

2.3. Difusión e publicidade das actuacións do proxecto: plan promocional baseado na creación da presentación do proxecto, notas de prensa, diverso material promocional (merchandising,...).

### **Segunda.- Financiamento.**

O orzamento estimado para a execución das actuacións recollidas na cláusula primeira ascende a corenta e oito mil euros (48.000,00 €), dos que a Xunta de Galicia, a través da Axencia Turismo de Galicia, achegará con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018 corenta mil euros (40.000,00 €), con cargo á aplicación 04A2.761A.760.3 na que existe crédito adecuado e suficiente, e que se aplicarán para o pago dos gastos que se relacionan no anexo I.



Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36.c) e 40 do seu Regulamento.

O Consorcio As Mariñas levará a cabo unha achega de oito mil euros (8.000,00 €) que se destinarán ao pagamento dos gastos do persoal dedicado á xestión e coordinación e das actividades obxecto deste convenio.

#### **Terceira.- Compromisos da Xunta de Galicia.**

A Axencia Turismo de Galicia achegará para o desenvolvemento destas actividades a cantidade total de corenta mil euros (40.000,00 €), que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 04A2.761A.760.3 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2018.

#### **Cuarta.- Compromisos do Consorcio As Mariñas**

- Diseñar, coordinar e executar as accións obxecto do presente convenio e poñer todos os medios técnicos e humanos necesarios para o desenvolvemento do mesmo e asumir os gastos de persoal e correntes que orixinen a posta en marcha das actividades.
- Facer constar a colaboración da Xunta de Galicia – Axencia Turismo de Galicia- en toda a publicidade (impresa, audiovisual, ..) que xeren as actividades deste convenio e inserir a marca turística de Galicia segundo o establecido no manual corporativo da Xunta de Galicia.
- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- De acordo co disposto no artigo 40.1 d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.





- En ningún caso o importe das subvencións ás que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007.
- Acreditar ante a Axencia Turismo de Galicia o cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, conforme o indicado no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.
- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.
- No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables o beneficiario deberá destinar os bens ao fin concreto para o cal concedeuse a subvención por un período mínimo de cinco anos en caso de bens inscribibles nun rexistro público, e de dous anos para o resto dos bens.
- Reintegrar total ou parcialmente, a subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, e a exixencia do xuro correspondente desde o pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia de reintegro cando concurran algunha das causas sinaladas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a obriga de facilitar toda a información que se lle requira pola Axencia Turismo de Galicia en relación coa xustificación do convenio, e pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino de axudas.

#### **Quinta.- Xustificación dos investimentos**

1. A xustificación da execución das actividades subvencionadas realizarse segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto nos artigos 8 e 10 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, que deberá conter:



a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e prace do/a alcalde/alcaldesa, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1. O cumprimento da finalidade da subvención.
2. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Non se esixe a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custes xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

c) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

d) De ser o caso, os tres orzamentos que se requiren en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

e) No seu caso, carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos intereses derivados destes.

A conta xustificativa incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma en razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.

Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración de Turismo de Galicia e a “Marca Turística de Galicia”.

Asemade deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.



Por outra parte, o consorcio deberá presentar unha declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. Consideraranse subvencionables os gastos que, respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e de acordo co artigo 29.2 da Lei de subvencións de Galicia e que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2018.

De conformidade co disposto no artigo 3.2 do Decreto 193/2011, no caso de realizarse pagos anticipados como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións subvencionadas, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado pola entidade local beneficiaria con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido na presente cláusula.

3. O prazo para xustificar por parte do Consorcio As Mariñas a aplicación dos fondos percibidos remata o 15 de decembro de 2018. De non xustificarse en prazo a cantidade total subvencionada, o Consorcio deberá reintegrar proporcionalmente o non xustificado, e a Xunta de Galicia minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado, sempre e cando se acade o obxecto do convenio.

Non obstante, non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado no anexo, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio, e sempre que se xustifique o importe total.

4. Consonte o disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderá dar lugar á modificación do convenio.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da





Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

#### **Sexta.- Pagamentos anticipados**

De acordo co artigo 6.3 do Decreto 193/2011, poderanse realizar pagos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, por importe do 100% da subvención concedida e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

Conforme ao artigo 65.4.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia o Consorcio As Mariñas queda exonerado da constitución de garantía.

#### **Sétima.- Comisión de seguimento**

Para o seguimento do desenvolvemento e bo fin deste convenio de colaboración constituirase unha comisión paritaria que velará polo cumprimento das obrigas das partes e propondrá cantas medidas e especificacións técnicas sexan precisas de cara a garantir a boa execución do convenio. A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### **Oitava.- Vixencia do convenio.**

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte a súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2018. Non obstante a cláusula anterior, o presente convenio ampara as actuacións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2018. O Consorcio As Mariñas como entidade executora e xestora das actuacións, será a responsable do mantemento en todo momento e trala finalización da vixencia temporal do mesmo, das finalidades propias do Convenio.

#### **Novena.-Natureza xurídica e xurisdición competente.**

O convenio, que está suxeito ao disposto no artigo 26 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico



español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, que os exclúe expresamente no artigo 6.1.

As cuestións litixiosas xurdidas respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia. Aquelas cuestións non solventadas na vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Para todo o non previsto expresamente no texto deste convenio será de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007; Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e demais normativa que sexa de aplicación.

**Décima.- Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio**

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

**Undécima.- Publicidade do convenio e rexistro do convenio**

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia de Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.



Asemade, procederáse á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

#### **Duodécima.- Inexistencia de relación laboral**

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan actuacións subvencionadas que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria á Axencia de Turismo de Galicia.

#### **Décimoterceira.- Resolución**

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de tódolos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Lido polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente Convenio, asínano no lugar arriba indicado.

**POLA XUNTA DE GALICIA**

**POLO CONSORCIO TURISMO**

**AS MARIÑAS**

A DIRECTORA DE TURISMO

O PRESIDENTE

DE GALICIA

DO CONSORCIO

M<sup>a</sup> Nava Castro Domínguez

José Antonio Santiso Miramontes



**ANEXO I**

| ACTUACIÓN                                                                                                                                           | IMPORTE            |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|
| Diseño, creación e posta en marcha de “paquetes e experiencias de ecoturismo” en colaboración con operadores turísticos e produtores do territorio. | 11.500,00 €        |
| Promoción e comercialización do Destino e das Experiencias Turísticas.                                                                              | 28.500,00 €        |
| Gastos de coordinación do convenio (aportación do Consorcio As Mariñas)                                                                             | 8.000,00 €         |
| <b>Total convenio</b>                                                                                                                               | <b>48.000,00 €</b> |

